



Manual de usuario Plataforma GalA eResiduos

Manual usuarios externos



XUNTA
DE GALICIA



FEDER - FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

UNIÓN EUROPEA





| CONTROL DE VERSIÓNS E DISTRIBUCIÓN | | | |
|------------------------------------|---|-----------------|---|
| NOME DO DOCUMENTO: | Manual do Usuario | VERSIÓN: | 7 |
| COD. DO DOCUMENTO: | | | |
| ELABORADO POR: | Amtega e Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental | DATA: | |
| VALIDADO POR: | Xerencia de proxectos | DATA: | |
| APROBADO POR: | Xerencia de proxectos | DATA: | |

| REXISTRO DE CAMBIOS | | |
|---------------------|--|--------------------|
| Versión | Causa da nova versión | Data de aprobación |
| 1 | Primeira versión | |
| 1 | Revisión inicial | |
| 2 | Versión definitiva | |
| 2 | Modificado Apéndice II para incluír información para a resolución de problemas coa sinatura electrónica. | 07/04/2016 |
| 3 | Nova versión para as adaptacións ao Real Decreto 180/2015 e á versión do E3L 3.0/3.1 | 27/11/2019 |
| 4 | Nova funcionalidade de confirmación de traslados en bloque. | 29/11/2022 |
| 5 | Nova funcionalidade de oposición | 24/05/2023 |
| 6 | Actualización de versión de E3L 3.5 | 02/06/2023 |
| 7 | Nova funcionalidade de NT de rechazo | 25/09/2023 |

| LISTA DE DISTRIBUCIÓN (opcional) | | |
|----------------------------------|-----------------|--------------------------|
| Nome | Número de copia | Área/Centro/Localización |
| | | |
| | | |
| | | |

| Datos básicos do Proxecto | |
|---------------------------|----------------|
| Nome do proxecto | GAIA Evolución |
| Código do proxecto | GAIAMA |

CLÁUSULA DE CONFIDENCIALIDADE

Este documento é propiedade da Amtega (Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia). Deberá empregarse este material exclusivamente para os servizos que foron acordados coa Amtega e que requiren necesariamente da súa utilización. Está prohibida a reprodución parcial ou total, por calquera medio ou método, dos contidos deste documento para calquera outro uso non acordado coa Amtega.



Índice

| | |
|---|-----|
| 1. Introducción..... | 4 |
| 2. Presentación do sistema..... | 5 |
| 3. Funcionalidades do sistema..... | 6 |
| 4. Contas de empresa e acceso..... | 7 |
| 4.1. Activar unha conta de empresa..... | 7 |
| 4.2. Xestión de usuarios..... | 12 |
| 4.3. Xestión de permisos de asinantes..... | 18 |
| 4.4. Acceso ao sistema..... | 20 |
| 5. Características Xerais..... | 22 |
| 5.1. Buscadores..... | 22 |
| 5.2. Listados..... | 22 |
| 5.3. Paxinación..... | 23 |
| 5.4. Formularios..... | 23 |
| 5.5. Campos de busca..... | 24 |
| 5.6. Botóns de acción..... | 24 |
| 5.7. Asinado electrónico..... | 24 |
| 6. Pantalla inicial e funcións xerais..... | 25 |
| 6.1. Menú da aplicación..... | 25 |
| 6.2. Información do usuario e contas de empresa..... | 26 |
| 6.3. Alertas..... | 27 |
| 6.4. Múltiples contas de empresa..... | 28 |
| 6.5. Resumo de datos da conta..... | 29 |
| 7. Mestres de datos..... | 30 |
| 7.1. Residuos..... | 30 |
| 7.2. Produtos / Servizos..... | 33 |
| 7.3. Subprodutos..... | 34 |
| 7.4. Xestión de contactos..... | 36 |
| 8. Notificacións previas de traslado..... | 42 |
| 8.1. Detalle dunha notificación..... | 43 |
| 8.2. Nova notificación..... | 44 |
| 9. Traslados de residuos..... | 56 |
| 9.1. Estados dos traslados..... | 56 |
| 9.2. Buscador de traslados..... | 57 |
| 9.3. Detalle dun traslado..... | 59 |
| 9.4. Traslados DI CON NT..... | 60 |
| 9.5. Traslados DI sen NT..... | 67 |
| 9.6. Traslados Transfronteirizos..... | 72 |
| 9.7. Traslados para CCAA non E3L..... | 73 |
| 9.8. Rexistrar entradas de materiais..... | 74 |
| 9.9. Rexistrar saídas de materiais..... | 76 |
| 9.10. Confirmar ou rexeitar traslados..... | 77 |
| 9.11. Confirmación de traslados en bloque..... | 83 |
| 9.12. Oposición automática a un traslado..... | 85 |
| 9.13. Confirmación de traslados rexeitados..... | 86 |
| 9.14. Creación de NT de rexeitamento..... | 87 |
| 10. Arquivo cronolóxico..... | 89 |
| 11. Apéndice I. Tipos de usuarios..... | 91 |
| 12. Apéndice II. Requisitos e configuración do sistema..... | 92 |
| 12.1. Requisitos do sistema..... | 92 |
| 13. Apéndice III. Requisitos de integración servizos Web..... | 110 |
| 13.1. Autenticación..... | 110 |
| 13.2. Especificación..... | 110 |
| 14. Apéndice IV. Aplicación de probas da Plataforma GalA eResiduos..... | 112 |
| 14.1. Solicitud de acceso..... | 112 |
| 14.2. Acceso a GalA Test..... | 112 |

1. Introducción

O sistema **GaIA** é unha plataforma desenvolta para a Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) no eido da consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. **eResiduos** é un módulo dun sistema moito máis extenso denominado Plataforma GaIA.

En concreto o módulo eResiduos é unha aplicación desenvolvida para levar o control de todos os traslados de residuos de Galicia seguindo o estándar E3L; proporcionando unha ferramenta de traballo a Produtores, Xestores e administración para a xestión dos mesmos e a levanza do arquivo cronolóxico tal e como indica a Lei 7/2022 do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, así como a xestión telemática doutra información en materia de residuos como pode ser o estudo de minimización ou a declaración anual de envases (estes módulos iranse engadindo ao sistema en fases posteriores).

O módulo eResiduos atópase completamente adaptado ás esixencias en materia de traslados de residuos esixido polo Real Decreto 553/2020, do 2 de xuño, polo que se regula o traslado de residuos no interior do territorio do Estado seguindo os esquemas marcados polo estándar E3L na súa versión 3.3.



2. Presentación do sistema

O obxectivo principal da aplicación GalA eResiduos é ser unha ferramenta útil para as empresas, facilitando as súas relacións coa Administración Ambiental. Por iso un dos seus elementos máis novos é a súa estrutura de datos, mediante a cal as empresas poderán empregar a plataforma para a creación e xestión das súas propias bases de datos, nas que almacenará a información necesaria relativa á produción e xestión de residuos. A partir da información contida nestas bases de datos propias, poderá interactuar coa Administración, realizando, por exemplo, os traslados de residuos telemáticamente, ou a levanza de seu arquivo cronolóxico.

Para poder empregar estas novas ferramentas de xestión de datos, que facilitarán as tarefas posteriores de creación de documentos de traslado, ou de rexistro de entradas e saídas no arquivo cronolóxico, será imprescindible que previamente a empresa rexistre na plataforma a información necesaria.

Os datos mestres que se poderán rexistrar na Plataforma, e que constituirán a base de datos da empresa en materia de produción e xestión de residuos, son os correspondes a;

1. Contactos: centros das empresas de orixe, de destino e de transporte coas que a empresa traballa de xeito habitual así como dos sistemas de responsabilidade ampliada do produtor no caso de que estes interveñan no traslado.
2. Residuos: residuos que a empresa xera ou xestiona habitualmente.
3. Produtos e servizos: produtos e servizos xerados pola empresa como resultado da súa actividade.
4. Subprodutos: residuos xerados ou utilizados como subprodutos.

Unha vez a empresa teña rexistrados os seus datos mestres na Plataforma, poderá usalos xunto coas ferramentas dispoñibles na plataforma GalA para a tramitación das notificacións previas e dos documentos de traslado. **Non será necesario incorporar esta información inicial se vos tede traballa co E3L, debido a que esta xa está incorporada no arquivos XML.** Será no momento no que se produza a presentación destes documentos ante a Administración, no que se validará a información que conste nos documentos elaborados pola empresa, cotexándoa coa información que consta no Rexistro de Produción e Xestión de Residuos.

Outra característica de GalA eResiduos é que a información subida por unha empresa á Plataforma será **compartida e accesible** para todas as partes que interveñan no trámite.

Se os documentos de traslados se atopan asinados electrónicamente, a nova Plataforma permite crear automaticamente o arquivo cronolóxico, e a futuro xerar a memoria resumo a partir da información contida neste. Deste xeito GalA eResiduos facilitará nun futuro aos usuarios o cumprimento da súa obriga de información anual coa Administración.

3. Funcionalidades do sistema

A aplicación GaIA eResiduos pretende ser o punto centralizado onde as empresas deben rexistrar toda a súa información ambiental en materia de residuos e servir de axuda para a xestión desta información e no cumprimento da normativa vixente nesta materia, como por exemplo na levanza do Arquivo Cronolóxico.

A aplicación permite traballar mediante dous sistemas principais e complementarios:

1. Por medio dunha **aplicación web** na que se pode, entre outros:
 - a. Rexistrar notificacións previas e traslados de residuos (NT, DI CON NT, DI SEN NT, Transfronteirizos).
 - b. Confirmar os traslados rexistrados mediante sinatura electrónica como recolle a normativa en vigor.
 - c. Levar o arquivo cronolóxico.
 - d. A futuro presentar a memoria resumo anual, no caso de xestores de residuos
 - e. Levar un rexistro de entradas e saídas de produtos, servizos e subprodutos
2. .Mediante un sistema innovador que permite a posibilidade de dar soporte a un sistema automatizado de recepción de información en E3L: os **Web Services E3S** que permite a interconexión do sistema de información da empresa (que debe estar adaptado a E3L) co sistema GaIA eResiduos de xeito automatizado. Esta opción é a recomendable nos caso que haxa un volume importante de documentación a presentar (Notificacións previas, traslados DI CON NT, traslados DI SEN NT). Os web services E3S permiten presentar:
 - a. Notificacións previas de traslados
 - b. Traslados de residuos con e sen NT (Notificación previa) en formato E3L

A presentación dos documentos por esta vía non exime de ter que aceptar os traslados rexistrados mediante sinatura electrónica a través da aplicación web tal e como se recolle na normativa en vigor. Pode consultar o [Apéndice III](#) para máis información sobre este sistema.

4. Contas de empresa e acceso

Para que unha empresa poida traballar con GaIA eResiduos debe habilitarse unha conta de traballo para esa empresa. Todos os datos rexistrados no sistema (residuos, contactos, notificacións previas, traslados, etc.) estarán vencellados sempre a unha conta de empresa.

GaIA eResiduos aporta unha maior seguridade no control de acceso a unha determinada conta por parte da propia empresa, xa que será a empresa quen terá capacidade de xestionar os seus propios usuarios á par que permitirá un control de acceso mediante certificado electrónico ou usuario e contrasinal persoal para cada usuario.

Para poder traballar axeitadamente coa plataforma GaIA a empresa debe ter activa unha conta de empresa e **dar de alta, como mínimo, un usuario con permiso de asinante.**

4.1. Activar unha conta de empresa

No caso de que non dispoña aínda de conta de empresa en GaIA eResiduos debe realizar estas accións, no caso de non estar rexistrado na Plataforma GaIA previamente:

- 1) Debe acceder á plataforma a través deste enlace <https://gaia.xunta.es/plataforma/> e crear un usuario da Plataforma GaIA asociado ao representante legal da empresa dende o apartado "Acceso privado" da Plataforma GaIA



The screenshot shows the GaIA website interface. At the top right, there is a red-bordered button labeled "Acceso privado". Below the navigation bar, a large blue banner reads "NOVO PORTAL GAIA Información Ambiental de Galicia". To the right of the banner, a list of bullet points describes the new portal's features, such as improved information quality, a single access point for companies, and support for a unique register of companies. Below the banner, there are sections for "Últimas novas" (Latest news) and "Destacamos..." (We highlight...), each with a "MÁS INFORMACIÓN" link. On the right, there are "Temas..." (Topics) with icons for "e Auga" and "e Aire".

- 2) Premer sobre o botón "Cree unha nova conta" e cubra os datos do formulario de contacto coa información do usuario. Unha vez realizada esta acción chegaralle un correo electrónico co seguinte asunto "Activar usuario Plataforma GaIA" co fin de que finalice o proceso de activación. Revise a súa carpeta de correo non desexado ou spam por si ese correo se arquivou na dita carpeta.



Acceso a:

GaIA

Identifíquese

Usuario/a
Contrasinal

Esqueceu o seu contrasinal →

Entrar

Entre con certificado dixital

Entrar

Cree unha nova conta

Crear

Idiomas Contacto Axuda



Alta de novo usuario

Nome*
Primeiro apelido*
Segundo apelido*
DNI*
Contrasinal*
Repita Contrasinal*
Correo electrónico*

Volver

Registrar usuario

Contacto Axuda



Alta de novo usuario

Usuario creado correctamente. Enviouse un correo de confirmación á dirección de correo indicada generardiasespeciales@gmail.com para rematar o proceso alta.

Volver

Contacto Axuda

- 3) Tras activarse na plataforma debe premer sobre o módulo de eResiduos dentro de "As Miñas aplicacións" para solicitar a alta da súa empresa neste módulo.

As miñas aplicacións



Só poderán solicitar a alta aquelas empresas que teñan inscricións no Rexistro de produción e xestión de residuos como xestor ou produtor de residuos.

❗ Non se atopa ningunha empresa inscrita como produtor ou xestor con representante legal con NIF:
No caso de que sexa representante legal dunha empresa inscrita como produtor ou xestor no Rexistro de Produción e Xestión de residuos debe acreditarlo documentalmentemente. Para iso debe dirixirse ao órgano perante o cal tramitou a súa inscrición e/ou autorización e tras actualizar os datos pode volver a solicitar unha nova conta de empresa. <https://sirga.xunta.gal/onde-estamos>

Este alta só pode ser solicitada por un **usuario que dispoña dun certificado electrónico a nome da empresa ou dun representante legal da mesma habilitado** na base de datos do órgano ambiental competente.

Para poder continuar con este proceso é preciso que:

1. Teña instalado un certificado electrónico válido para autenticarse perante o sistema.
2. O certificado debe estar **a nome dun representante legal** da empresa ou a nome da empresa en si (pero sempre vencellado a unha persoa física que sexa representante legal).

En caso de que o representante legal non figure no Rexistro de Produción e Xestión de residuos debe acreditarlo documentalmentemente. Para iso debe dirixirse ao órgano perante o cal tramitou a súa inscrición e/ou autorización e realizar o procedemento de actualización de datos a través da Sede electrónica da Xunta de Galicia co código de procedemento PR004A (<https://sede.xunta.gal/portada>)

- Servizo de Residuos - Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental
 - San Lázaro s/n
 - 15781 Santiago de Compostela (A Coruña)
 - Enderezo electrónico: buzon.residuos@xunta.gal
- Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental - Xefatura territorial da Coruña
 - Rúa Vicente Ferrer, 2, 5ªPI (Edif. Monelos)
 - 15008 A Coruña
 - Teléfono: 981.18.44.62 / 981.18.44.59
 - Fax: 981.18.21.98

- Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental - Xefatura territorial de Lugo
 - Ronda da muralla 70
 - 27071 Lugo
 - Teléfonos: 982.29.45.81 / 982.29.45.89
 - Fax: 982.29.40.76
 - Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental - Xefatura territorial de Ourense
 - Rúa do Paseo 18 4ª Planta
 - 32003 Ourense
 - Teléfono: 988.38.61.44 / 988.38.67.07
 - Fax: 988.38.62.11
 - Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental - Xefatura territorial de Pontevedra
 - Av. de María Victoria Moreno, 43, 4ª PI
 - 36003 Pontevedra
 - Teléfono: 986.80.53.90
 - Fax: 986.80.53.98
- 4) Tras premer debe solicitar o dito certificado electrónico do representante legal habilitado.



Plataforma Galega de información ambiental



The screenshot shows the GaiA website interface. The top navigation bar includes links for QUÉ É GAIA, NOVAS, LEXISLACIÓN, PUBLICACIÓNS, INDICADORES, BOLETÍN, SOLICITUDE, TEMAS, SERVICIOS, and TRÁMITES. The main content area is titled 'As miñas aplicacións' and features two application cards: 'eCAPCA' (Xestión das empresas con actividades potencialmente contaminantes da atmósfera) and 'eResiduos' (Permite que as empresas dean cumprimento ás súas obrigacións en materia de residuos). Overlaid on the right side of the screenshot is a Windows security dialog box titled 'Seguridad de Windows' with the prompt 'Seleccione un certificado'. The dialog lists several certificates with their issuers and validity dates. The certificate for 'MARTHA DELGADO' is highlighted.

O sistema amosará un formulario de solicitude de alta no que se deben cubrir os seguintes datos:

1. Datos de usuario para o solicitante (se non existe xa un usuario para esa persoa)
 - a. Correo electrónico do solicitante.
 - b. Nome e apelidos.
 - c. O nome de usuario cóbrese automaticamente co NIF do solicitante.
2. Escoller para que empresa, das que é representante legal, quere solicitar a alta.



3. Concello no se se atopa a efectos de asinar a solicitude de alta (isto só aplica á hora de asinar a solicitude de alta).

Nova conta de empresa Vencellar contas de empresa a usuarios

Non se atopa ningún usuario co NIF: 44459028M

Creación de usuario

Como o certificado dixital presente é dun NIF representante legal dalgunha empresa, se pode crear un usuario vencellado as contas de empresa.

Usuario **Correo electrónico**

Nome **Primeiro Apellido** **Segundo Apellido**

Empresas representadas polo nif 44459028M

MONTE TERRES S.L. (BOSQUES) Ourense -

ANTONIO MARTEL NAVEIRO, (TRAPECO) (ENCOMEND) Sarria

Concello onde se atopa (para a sinatura da declaración)

Con todos ese datos cubertos amosase unha pantalla como a seguinte co texto da solicitude de alta na plataforma(cuberto cos datos apropiados) e na que se debe asinar a solicitude de alta:

Datos a asinar

Sr./Sra. [REDACTED] con NIF. [REDACTED] e correo electrónico [REDACTED] DECLARO que, de conformidade co previsto no artigo 71 bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común ostento a condición de representante legal da empresa [REDACTED] con NIF [REDACTED], e domicilio social en [REDACTED], Curtis (Coruña (A), Galicia), 15310, que dispoño da documentación que así o acredita e que cumpro cos requisitos legais para actuar no seu nome, comprometéndome a manter esta condición durante o tempo que a empresa realice trámites electrónicos do control da rastrexabilidade dos residuos. Nesta condición comparezo ante esta secretaría xeral para FACER CONSTAR:

Que en relación cos procedementos telemáticos de control da rastrexabilidade de residuos previstos polo Decreto 59/2009, do 26 de febreiro, polo que se regula a rastrexabilidade dos residuos teño capacidade para AUTORIZAR e xestionar as altas e baixas na plataforma GaIA (plataforma Galega de Información Ambiental) de:

USUARIOS, para que en nome e representación da empresa sexan as persoas designadas como responsables da introdución, modificación ou consulta de datos na plataforma GaIA da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e, en consecuencia, poidan exercer por vía telemática as seguintes facultades:

- Presentar as notificacións previas do traslado de residuos.
- Crear traslados de residuos.
- En xeral, realizar calquera dos actos que en opinión da persoa autorizada sexan necesarios ou convenientes para conseguir o exercicio das facultades concedidas.

USUARIOS ASINANTES, para que en nome e representación da empresa sexan as persoas designadas como responsables das tarefas anteriores ademais de todas aquelas para as cales sexa necesario realizar un procedemento de asinado dixital, polo que poderán exercer a maiores as seguintes facultades:

- Presentar telemáticamente os correspondentes documentos de control.
- Realizar peticións de anulacións de sinaturas dixitais
- Presentar en nome da empresa toda aquela información necesaria para o cumprimento das súas obrigas en materia de residuos.
- En xeral, realizar calquera dos actos que en opinión da persoa autorizada sexan necesarios ou convenientes para conseguir o exercicio das facultades concedidas.

Esta/s persoa/s deberán dispor de certificado dixital de persoa física ou xurídica de clase 2 da FNMT ou DNI electrónico para asinar dixitalmente estas xestións da empresa.

E para que así conste aos efectos oportunos, asino a presente DECLARACIÓN en Coruña (A), a 4 de maio do 2015.

Asdo.:
(asinado dixitalmente polo representante legal)

Unha vez asinado se prememos en gardar o sistema fará o seguinte:

1. Creará unha conta de empresa para a empresa en cuestión.



2. Creará un usuario administrador para esa conta de empresa (os usuarios administradores son os únicos que poden crear outros usuarios e asinantes).

3. Activará ao dito usuario e enviaralle un e-mail á dirección de correo do mesmo para completar o proceso de activación.

Amosarase a seguinte pantalla.

Nova conta de empresa Vencellar contas de empresa a usuarios

✓ Vencellouse correctamente a conta da empresa ó seu usuario. Se se creou un novo usuario, enviarase un correo ó seu email para crear o contrasinal.

[Voltar á páxina de entrada...](#)

A partir deste momento xa se pode traballar con esa empresa en GaIA eResiduos.

4.2. Xestión de usuarios

Unha vez dentro do módulo de eResiduos, na sección de usuarios, se amosa un listado dos usuarios do sistema vencellados coa nosa empresa:

Listado de usuarios Lístanse os usuarios ligados á conta

| Usuario | NIF | Nome | Rol | Correo electrónico | Estado |
|------------|-----|------|--------------|--------------------|--------|
| exttecnico | | | Técnico | | Activo |
| extadmin | | | Administr... | | Activo |

Usuario

[Listado](#)

[+ Novo](#)

A aplicación GaIA eResiduos permite dous roles ou tipos de usuarios:

- **Administrador:** estará vencellado ao representante legal e darase de alta de xeito automático ao crear a conta de empresa.
- **Técnicos:** estarán vencellados ao persoal técnico ou de administración que o representante legal da empresa decida e poderán ser dados de alta unicamente polo usuario administrador.

No [Apéndice I](#) amósase un listado detallado das accións que pode desenvolver cada un destes tipos de usuarios.

Premendo no nome do usuario accedemos ao detalle do mesmo a ás diferentes operacións que se poden levar a cabo con el sendo usuario administrador.

Usuario

Datos propios

| | | |
|----------------------|------------------------------|----------------------|
| Usuario | Nome | NIF |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| Correo electrónico | Rol | |
| <input type="text"/> | Técnico externo de eResiduos | |
| Estado | | |
| Activo | | |

| |
|--|
| Usuario |
| Listado |
| + Novo |
| ✕ Desvincellar usuario |
| ✎ Editar |

Desvincellar

Se queremos quitarlle o acceso a un usuario bastaría premer na ligazón de desvincellar. Con isto eliminamos a relación entre ese usuario e a empresa coa que estamos a traballar actualmente. Se o usuario ten acceso ás contas de outras empresas ese acceso sigue vixente, **só se elimina a posibilidade de acceder á empresa coa que estamos traballando.**

Edición

A edición de usuarios permítenos modificar os datos básicos do usuario.

Edición de usuarios Modifícanse os datos do usuario

Datos xerais

| | | |
|----------------------|----------------------|----------------------|
| Nome | Primeiro Apellido | Segundo Apellido |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| NIF | | |
| <input type="text"/> | | |

O formulario poderase enviar se non contén erros

Novo usuario

A creación de novos usuarios, como xa se indicou, só pode realizala un usuario co rol de administrador.

Á hora de crear un novo usuario o sistema pregunta se se vai crear un novo usuario ou se vai a solicitar acceso ao sistema de servizos web.

Crear ou asociar usuario Creación ou asociación de novo usuario

Novo usuario

Dar de alta a un novo usuario para que poida empregar as funcionalidades dispostas na web

Acceso aos servizos web

Dar de alta a un novo usuario para acceder aos servizos web publicados para a tramitación telemática. Tan só pode solicitarse un usuario para os servizos web.

O novo 'usuario' é un usuario técnico do sistema. O 'Acceso a servizos Web' está pensado para empresas que queiran integrar os seus sistemas de información con GALA para enviar os documentos E3L por esa vía. En principio so será preciso crear usuarios normais.

A pantalla de creación de usuarios inicialmente pode tardar un pouco en cargar porque carga a ferramenta de sinatura electrónica para que cando se cree o usuario se asine electronicamente a solicitude de alta.

Inicialmente a pantalla amosa só un campo de texto para indicar o NIF da persoa á que se quere dar de alta como usuario.

Crear ou asociar usuario Creación ou asociación de novo usuario

Datos xerais

| | | |
|---|--|---|
| # | <input type="text" value="Introduza o NIF"/> | <input type="button" value="Q Buscar"/> |
|---|--|---|

Unha vez introducido prememos en buscar para saber se a persoa con ese NIF xa ten un usuario no sistema.

Se non existe

No caso de non existir ningún usuario con ese NIF o sistema solicita o resto de datos precisos para dar de alta ao usuario incluíndo unha solicitude a asinar. **É moi importante cubrir correctamente a dirección de correo electrónico** xa que este é o único xeito de recuperar o contrasinal para o primeiro acceso ao sistema para ese novo usuario:



Crear ou asociar usuario Creación ou asociación de novo usuario

Datos xerais

#

Non se atopou ningún usuario rexistrado no sistema cón NIF indicado. Complete o formulario para solicitar á creación dun novo usuario.

Pola presente solicítase dar de alta un novo usuario para a conta de **CONTA DE PROTECCION MEDIOAMBIENTAL SL - PMA**. O novo usuario poderá acceder e realizar operacións en nome de **CONTA DE PROTECCION MEDIOAMBIENTAL SL - PMA**. Debe cubrir os datos do novo usuario (NIF, correo electrónico, nome e apelidos) e asinar dixitalmente a súa solicitude.

NIF

Obrigatorio

Correo electrónico

Introduza o correo electrónico

Obrigatorio

Nome

Introduza o nome

Obrigatorio

Primeiro Apelido

Introduza o primeiro apelido

Obrigatorio

Segundo Apelido

Introduza o segundo apelido


Unha vez cubertos os campos obrigatorios permítese asinar a solicitude de alta de usuario

Datos a asinar

Pola presente solicítase dar de alta un novo usuario para a conta de Conta de Xestor Probas 4. O novo usuario poderá acceder e realizar operacións en nome de Conta de Xestor Probas 4<personIdNumber>!!!!!!</personIdNumber><email>probas@teimas.com</email><name>JOSE</name><surname1>DOMINGUEZ</surname1><surname2>FERNANDEZ</surname2>

Asinar

Ao premer no botón de Asinar a aplicación de sinatura electrónica preguntará polo certificado a empregar para facer a sinatura nunha ventá semellante a esta:





Unha vez escollido o certificado amósase un campo de texto co resultado da operación de asinado electrónico que pon 'Datos asinados' e uns botóns de gardar (para confirmar a creación do usuario) e cancelar para descartar a operación.

Datos a asinar

Pola presente solicítase dar de alta un novo usuario para a conta de Conta de Xestor Probas 4. O novo usuario poderá acceder e realizar operacións en nome de Conta de Xestor Probas 4<personIdNumber>1111111111</personIdNumber><email>[redacted]</email><name>JOSE</name><surname1>PEREZ</surname1><surname2>PEREZ</surname2>

Datos asinados

<?xml version="1.0" encoding="UTF-8"?>
<ds:Signature Id="Signature-1d9a0d2e-6e80-4482-9cee-99e08a0eb7ca-Signature" xmlns:ds="http://www.w3.org/2000/09/xmldsig#">
<ds:SignedInfo><ds:CanonicalizationMethod Algorithm="http://www.w3.org/TR/2001/REC-xml-c14n-20010315"/><ds:SignatureMethod Algorithm="http://www.w3.org/2001/04/xmldsig-more#rsa-sha512"/><ds:Reference Id="Reference-00172741-2bd5-4128-bcb0-e571362e9b0c" Type="http://www.w3.org/2000/09/xmldsig#Object" URI="#Object-f6069f78-45b0-414a-be7a-cab59c555ec2"/><ds:Transforms><ds:Transform Algorithm="http://www.w3.org/2000/09/xmldsig#base64"/></ds:Transforms><ds:DigestMethod Algorithm="http://www.w3.org/2000/09

Se o asinante empregado é válido crease o usuario e o sistema envía un e-mail de confirmación á dirección proporcionada para ese usuario para pedirle que indique unha contrasinal para acceder ao sistema.

Se o usuario xa existe

No caso de que xa exista un usuario para ese NIF a aplicación amosará unha pantalla co nome do usuario preguntando se queremos darlle acceso á nosa conta de GaIA eResiduos.

Crear ou asociar usuario Creación ou asociación de novo usuario

Datos xerais

[input type="text"] [button Buscar]

Atopouse ó usuario [input type="text"] có NIF [input type="text"]. Asine a solicitude para asociar ó usuario a súa conta.

Datos a asinar

Pola presente solicítase asociar ó usuario [input type="text"], con NIF [input type="text"] coa conta de CONTA DE [input type="text"]
[input type="text"] O novo usuario poderá acceder e realizar operacións en nome de CONTA DE [input type="text"]
[input type="text"]<personIdNumber>[input type="text"]</personIdNumber>

[button Cargar firma]

Neste caso bastará con asinar electronicamente a solicitude e despois gardar os cambios para darlle acceso ao usuario escollido á nosa conta de empresa de GaIA eResiduos.

Acceso aos servizos web



No caso de solicitar a alta dun usuario para enviar información a través dos webservices o proceso será semellante pero neste caso o usuario non vai a nome de ningunha persoa xa que o webservices empregase para comunicar o sistema de información da empresa co sistema GaIA directamente. Por iso o nome de usuario será neste caso o NIF da empresa engadindo 'WS ao final. A pantalla de alta é semellante a esta na que se pide o e-mail de referencia para o web-service.

Crear ou asociar usuario Creación ou asociación de novo usuario

Datos xerais

Usuario

Correo electrónico

Obrigatorio

Datos a asinar

Pola presente solicítase dar de alta un novo usuario de servizos web para a conta de CONTA DE O novo usuario poderá acceder e realizar operacións de servizo web en nome de CONTA DE - <username=<input type="text"/></username> <email=<input type="text"/></email>

Cargar firma

É importante indicar unha dirección de e-mail válida á que se notificarán os problemas existentes na tramitación automática. Recoméndase indicar o correo electrónico do persoal técnico responsable do mantemento destes servizos.

Unha vez asinada a solicitude hai que premer en gardar para facer efectiva a creación do usuario de webservices.

Recordámoslle que aínda que solicite o acceso aos servizos web **debe dar de alta**, como mínimo, **un usuario e un asinante** para poder asinar os documentos de traslado correspondentes.

Restablecer contrasinal

No caso de que un usuario non se lembre do seu contrasinal sempre poderá reinicialo premendo na ligazón da pantalla inicial que pon 'esqueceu o seu contrasinal':

Acceso a:

GaIA

Identifíquese

[Esqueceu o seu contrasinal →](#)

Entrar

Entre con certificado dixital

Entrar

Cree unha nova conta

Crear

 Idiomas  Contacto  Axuda

Isto leva ao usuario a un formulario onde se lle solicita o seu e-mail.

Reestablecer contrasinal

Introduza o email asociado a unha conta da plataforma

Email

Reestablecer

O usuario escribe o seu e-mail e posteriormente recibirá un e-mail cunha ligazón para reiniciar o seu contrasinal. É **moi importante ter o e-mail actualizado** e só accesible polo usuario en cuestión porque é o único xeito de acceder á plataforma se se esquece da súa clave. **Calquera persoa con acceso ao correo electrónico poderá acceder á plataforma empregando esta funcionalidade.**

4.3. Xestión de permisos de asinantes

O usuario administrador poderá habilitar **permisos como asinantes** aos usuarios dados de alta para que estes poidan asinar o envío de traslados.

Na sección de asinantes poderemos xestionar, se dispoñemos do rol de usuario administrador, o listado de persoas que poden asinar solicitudes e presentacións de trámites no nome da empresa en GaIA eResiduos. Ao acceder veremos un listado dos asinantes dados de alta co NIF asociado a cada un. **Cada vez que se asina unha solicitude en GaIA eResiduos o sistema com-**



probará que o NIF do asinante pertenza á lista de asinantes válidos da empresa. Se non é así o sistema indicará que non se empregou un asinante válido.

Listado de asinantes Listado dos asinantes asociados a conta actual

| NIF | Nome do asinante | Estado |
|----------|------------------------|--------|
| XXXXXXXX | VILA, ANTONIO, RICARDO | Activo |
| XXXXXXXX | GALFÍN, TIBURCIO | Activo |
| XXXXXXXX | FERNANDEZ, JOSE | Activo |
| XXXXXXXX | PILO, JOSE MANUEL | Activo |
| XXXXXXXX | LORENZO, JOSE | Activo |
| XXXXXXXX | GALEA, ANTONIO | Activo |

Asinante

Listado

+ Novo

Para engadir un novo asinante bastará premer na ligazón de Novo asinante da dereita. Facendo iso o sistema amósanos un formulario para rexistrar os datos do asinante a engadir:

Engadir novo asinante Engadirase un novo asinante á conta de Conta de Xestor de Probas 2

Datos xerais

Nome

Obrigatorio

Primeiro Apelido

Obrigatorio

Segundo Apelido

Obrigatorio

NIF

Obrigatorio

Asinante

+ Novo

Listado

Conta

✓ Gardar

✗ Cancelar

↺ Restaurar

Unha vez introducidos os datos do asinante podemos gardalo quedando o asinante vencellado á conta da empresa. Seguindo este exemplo, a partires de agora, calquera documento asinado electrónicamente por un certificado do NIF 12345678Z para esta conta de empresa será aceptado.

Dende o propio listado de asinantes podemos acceder ao detalle dos mesmos e ás diferentes operacións que se poden levar a cabo (Desactivar e Editar):

Asinante

Datos propios

| | | |
|---------------------------|------------|---------------|
| Nome | NIF | Estado |
| DOMINGUEZ DOMINGUEZ, JOSE | 12345678Z | Activo |

Asinante

Listado

+ Novo

⊖ Desactivar

✎ Editar



A edición permítenos modificar os datos do mesmo como na creación. A desactivación é o equivalente á eliminar o asinante da lista de asinantes válidos aínda que non desaparece, senón que se mantén inactivo para esa empresa. Posteriormente poderemos activalo de novo premendo na ligazón de Activar:

Asinante

Datos propios

| | | |
|---------------------------|-----------|----------|
| Nome | NIF | Estado |
| DOMINGUEZ DOMINGUEZ, JOSE | 12345678Z | Inactivo |

| Asinante |
|-----------|
| Listado |
| + Novo |
| ⊙ Activar |
| ✎ Editar |

4.4. Acceso ao sistema

Para acceder ao sistema será preciso ter un usuario asociado á conta da empresa. Despois deberá acceder á páxina inicial da plataforma GalA e nesta pantalla pode escoller se introducir o nome de usuario e contrasinal ou acceder con certificado electrónico¹.

¹Para poder acceder con certificado electrónico o usuario debe ter rexistrado o seu NIF e debe coincidir co NIF do certificado empregado.



Unha vez activado na plataforma debe dente “As miñas Aplicacións” premer sobre o módulo de eResiduos.

The screenshot shows the GaiA platform interface. At the top, there is a navigation bar with the GaiA logo and the text "Plataforma Galega de información ambiental". To the right, there are links for "EXTADMIN", "Galego | Castellano", and "XUNTA DE GALICIA". Below the navigation bar, there is a menu with items: "QUÉ É GAIÁ", "NOVAS", "LEXISLACIÓN", "PUBLICACIÓNS", "INDICADORES", "BOLETÍN", "SOLICITUDE", "TEMAS", "SERVIZOS", "TRÁMITES", and "AS MIÑAS APLICACIÓNS". The main content area is titled "As miñas aplicacións" and contains three modules, each with a globe icon and a plus sign:

- eCAPCA**: Xestión das empresas con actividades potencialmente contaminantes da atmósfera.
- eResiduos**: Permite que as empresas dean cumprimento ás súas obrigacións en materia de residuos. (This module is highlighted with a red box in the original image.)
- eTramitación**: Permite que as empresas poidan presentar os trámites administrativos en materia de medio ambiente.

5. Características Xerais

5.1. Buscadores

Ao longo da aplicación existe a posibilidade de filtrar os datos que se están amosando. A funcionalidade de filtrar/buscar o que se desexa pódese realizar con campos de busca como o seguinte:

| Código | CPA | Descrición | |
|--------|---------|--|------------------------|
| 999 | F433919 | ZAHORRA DE RELLENO ZANJAS A PARTIR DE RCD | Editar |
| 965 | C236919 | MEZCLAS PARA HORMIGON A PARTIR DE RECICLADO DE RCD | Editar |

Neses campos basta con comezar a escribir algo sobre o que se está a buscar e o sistema fará unha procura intelixente cos datos introducidos. Por exemplo nun listado de residuos o sistema buscará aqueles residuos con descrición, LER ou código semellante ao que se escribiu no campo de busca. Mentres que no caso de traslados de residuos, o sistema fará unha busca por moitos mais campos como NIMA, NIF, nome das empresas, código do traslado, etc.

Os buscadores permiten introducir **varios textos** e o sistema amosará aqueles que coincidan con todos os textos introducidos. Por exemplo para buscar entre os contactos os centros da empresa de Probas en Vilaboa basta procurar 'Probas' e 'Vilabo':

| | | | | |
|--|--|--------|--------|---------------------------|
| | | PROBAS | PROBAS | Calle PROBANDO 2, Vilaboa |
| | | PROBAS | PROBAS | Calle DAD, Vilaboa |

5.2. Listados

Nos diferentes listados ás veces non é posible amosar toda a información contida por cuestións de espazo. Neses casos basta pasar o rato por riba do campo que non aparece completo e o sistema amosará un 'tooltip' con ese dato. Por exemplo:

| Ler | Estado | |
|--------|--------------|-------------------------------|
| 170904 | Creado | |
| 191308 | Creado | |
| 170904 | Confirmad... | Confirmada Aceptación e Envío |
| 170904 | Creado | |

Naqueles listados onde se poidan seleccionar diferentes elementos (como por exemplo contactos, notificacións de traslado ou traslados) existe unha funcionalidade que permite seleccionar o listado completo por páxina: "Sel. Páxina", marcado en vermello na seguinte imaxe.

5.5. Campos de busca

No sistema é habitual atopar campos nos que escoller un valor entre varios posibles. Nalgúns casos os posibles valores son demasiados así que a aplicación incorpora un sistema no que se pode escribir o nome do que se pretende escoller e a aplicación fai unha busca e amosa as opcións que encaixan coa busca. Por exemplo no buscador de concellos se queremos escoller Santiago de Compostela basta escribir 'compos' e escoller a opción que nos marca o sistema:


Municipio

Escolla un concello

Santiago de Compostela - Coruña
(A) (Galicia)

5.6. Botóns de acción

Os formularios da aplicación soen presentar tres opcións ao pe do mesmo:



Ao respecto destes botóns:

- **Gardar:** permite aceptar e gardar os cambios que se fixeron no formulario. En varios formularios esta opción non se activa ata que o formulario presenta os datos obrigatorios correctos.
- **Cancelar:** pecha o formulario e anula os cambios que se fixeron.
- **Restaurar:** permite deixar o formulario como estaba ao comezo da edición, sen ningún dato modificado.

5.7. Asinado electrónico

Asinantes válidos

Cada vez que se solicita o asinado de datos, despois de terse realizado o proceso de asinado, o sistema comprobará **que a persoa titular do certificado empregado para asinar pertence á lista de asinantes da súa empresa.**

Por exemplo: A empresa 'Xestor de Residuos' ten un certificado de empresa que está a nome da Xerente da empresa, 'Ana Pérez Pérez' con DNI 12345678Z. Sen embargo a persoa que traballa habitualmente con GaIA eResiduos é un administrativo da mesma que ten un usuario ao seu nome 'Manuel López López'. Deste xeito, se Manuel ten o certificado da empresa instalado no seu ordenador poderá asinar traslados sempre que exista un asinante para a empresa a nome de 'Ana Pérez Pérez' e co seu DNI.

Ver o apartado [4.4](#) para coñecer como xestionar os asinantes da empresa.

6. Pantalla inicial e funcións xerais

Unha vez se accede ao sistema a aplicación amosa unha pantalla como a seguinte:



A pantalla consta de:

1. Arriba a esquerda dun menú da aplicación con seccións despregables coas que acceder aos diferentes apartados.
2. Na parte superior dereita amosase a Información do usuario e da conta de empresa así como o enlace "as miñas aplicacións" dende onde poderá navegar por todas os módulos activos da Plataforma GaIA.
3. A parte central e a sección de traballo que varía segundo a sección que visitemos. Na páxina inicial amosa un resumo dos datos da conta de empresa do usuario cuns accesos directos ás funcións mais empregadas.

Para volver á **pantalla inicial** basta con **premer sobre o logo de GaIA** que se amosa á esquerda da ventá.

6.1. Menú da aplicación

O menú conta de seccións despregables coas que acceder aos diferentes apartados da aplicación. Basta con premer encima dunha sección para despregala e ver as accións ás que se ten acceso dende aí:




Contactos Aquí atopará os centros que selecc

As seccións son:

1. **Mestres:** sección onde configurar os datos de contactos, residuos, produtos, servizos e subprodutos cos que se traballa.
2. **Notificacións:** sección onde se xestionan as notificacións previas de traslados.
3. **Traslados:** sección para rexistrar os traslados de residuos e outros tipos de traslados como son as entradas e saídas de materiais ou as autoxestións de residuos.
4. **Arquivo cronolóxico:** sección onde poden consultar os datos dos traslados de residuos e materiais incluídos no arquivo cronolóxico.

6.2. Información do usuario e contas de empresa

Dende o Menú de usuario pode accederse ás opcións de configuración da conta, usuarios e asinantes.



Configuración

Esta sección permite consultar a información da empresa existente no sistema vencellada á conta empregada nese momento. Nesa mesma pantalla amósase un listado dos usuarios existentes para esa conta de empresa (cos seus datos e o tipo de usuario) e de asinantes válidos dados de alta.

Para poder traballar co sistema debe existir, como mínimo, un usuario con permiso de asinante activo na conta de empresa.



Conta

Datos propios

| | |
|--|------------------|
| Descrición Conta de Xestor Probas 4 | Estado Activa |
|--|------------------|

| |
|--------------------|
| Conta |
| + Engadir Asinante |

DECLARADA a 11/06/2014

| |
|--|
| Datos da entidade |
| Enderezo RUA DE ESTREMEZADO, 1565 BOUTADOS, BOUTADOS (A), Coruña (A), Galicia), 15565 |
| Datos de contacto Teléfono: 981 424 714 |

| Usuarios | | | | | |
|-----------|--------------------|-----|--------------------|---------------|--------|
| Usuario | Nome | NIF | Correo electrónico | Rol | Estado |
| extadmin1 | extadmin1 | | | Administrador | Activo |
| EXTADMIN1 | EXTADMIN1 | | extadmin1@xg.es | Servizos Web | Activo |
| EXTADMIN1 | EXTADMIN1, RICARDO | | extadmin1@xg.es | Técnico | Activo |

| Asinantes | | | | |
|--------------------|-----|------------|------------------------|--|
| Nome | NIF | Dispoñible | Editar | |
| EXTADMIN1, RICARDO | | Desactivar | Editar | |
| EXTADMIN1, RICARDO | | Desactivar | Editar | |
| EXTADMIN1, RICARDO | | Desactivar | Editar | |
| EXTADMIN1, RICARDO | | Desactivar | Editar | |
| EXTADMIN1, RICARDO | | Desactivar | Editar | |
| EXTADMIN1, RICARDO | | Desactivar | Editar | |

6.3. Alertas

O sistema dispón dun sistema de alertas para avisar aos usuarios de diversos eventos que acontecen no mesmo, como por exemplo, que unha solicitude de incorporación dun novo contacto foi aprobada. As alertas poden ter asociadas ou non o envío dun correo electrónico aos usuarios afectados pola alerta. A totalidade das alertas do sistema poden consultarse na sección de alertas onde se visualizará un listado como o seguinte.

Alertas Listado de alertas

Data alerta dende

Data alerta ata

Tipo de alerta

Estado da alerta

| Título | Descrición | Tipo de alerta | Data | Aberto |
|--|--|----------------------------------|-----------|-------------------------------------|
| Traslado rexeitado | UTE PROTECCIÓN MEDIO AMBE... | Traslado rexeitado | 26/11/... | <input checked="" type="checkbox"/> |
| Erros na creación de traslados de ... | Non se puido realizar a operación ... | Creación de documentos | 25/11/... | <input checked="" type="checkbox"/> |
| Erros na creación de traslados de ... | Non se puido realizar a operación ... | Creación de documentos | 25/11/... | <input checked="" type="checkbox"/> |
| Traslados de residuos suxeitos a ... | Os seguintes 3 traslados de residu... | Creación de documentos | 25/11/... | <input checked="" type="checkbox"/> |
| Traslados de residuos suxeitos a ... | Os seguintes 3 traslados de residu... | Creación de documentos | 25/11/... | <input checked="" type="checkbox"/> |
| Notificacións previas de traslados ... | As seguintes 3 solicitudes previas ... | Creación de documentos | 22/11/... | <input checked="" type="checkbox"/> |
| Erros na creación de Notificacións... | Non se puido realizar a operación ... | Creación de documentos | 22/11/... | <input checked="" type="checkbox"/> |
| Traslado asinado fóra de prazo | Informámoste que a súa entidade ... | Confirmación de traslado fora... | 21/11/... | <input checked="" type="checkbox"/> |
| Nova vinculación de usuario web | Vinculouse un usuario do sistema ... | Petición de vinculación de us... | 21/11/... | <input checked="" type="checkbox"/> |
| Novo usuario web | Creouse un usuario do sistema G... | Petición de novo usuario web | 21/11/... | <input checked="" type="checkbox"/> |

Alerta

- Listado
- Marcar todas as alertas como lidas
- Eliminar todas as alertas lidas

As alertas poden filtrarse por lidas ou non lidas, por tipo de alerta ou polas datas da propia alerta. Premendo na ligazón dunha alerta accedese a alerta en cuestión e esta queda marcada como lida. A alerta en cuestión amosase nunha pantalla como a seguinte:

Alerta

Datos propios

Título
Notificación previa de traslado aceptada

Data de creación
XOVES 9 DE ABRIL DE 2015

Mensaxe
Informáselle que se procedeu a validación da notificación previa de traslado NT30 [REDACTED] 20152127586.


Alerta

- Listado
- Marcalo como non lido

6.4. Múltiples contas de empresa

Os usuarios da aplicación estarán vencellados polo menos a unha conta de empresa, e pode darse o caso de que un mesmo usuario poda traballar cos datos de varias empresas. Para isto será preciso que un usuario administrador (normalmente a nome do representante legal de cada empresa) o habilite para facelo.

Na parte superior dereita amosase a información do usuario conectado e a conta actualmente en uso. No caso de dispoñer de acceso a mais dunha conta de empresa pódese cambiar de conta premendo no nome da conta actual como se indica na seguinte imaxe:



Para desconectarse da sesión pode premer na opción 'Saír'.

6.5. Resumo de datos da conta

Ao acceder, na páxina inicial, amosase un resumo dos datos da conta en caixas como a seguinte:

A **Traslados de residuos** 33585

- 🔍 Buscador de traslados
- + Novo

En cada caixa amosase o número total de elementos dese tipo e inclúense ligazóns a diferentes operacións comúns. Neste exemplo son ligazóns ao listado de Traslados DI sen NT, a acción de crear un novo e a busca avanzada de traslados.

7. Mestres de datos

Nestas seccións poden rexistrarse os datos relativos aos contactos, residuos, produtos, servizos e subprodutos cos que traballamos.

As empresas que empregan **E3L**, xa sexa por subida de ficheiros ou por empregar os sistema automatizado de Web Services, **non precisan empregar este bloque de información** xa que estes datos xa se atopan nos documentos E3L que se envían á plataforma GalA eResiduos.

7.1. Residuos

Sección na que se indican os datos dos residuos que se van empregar para realizar as notificacións previas de traslados e os traslados a través de GalA.

NOTA: Os residuos que vostede dea de alta ou elimine desta bolsa non están vinculados coa súa inscrición no Rexistro de Producción e Xestión de residuos nin coas obrigas de actualización que desta inscrición se derivan.

A páxina principal amosa un listado dos residuos que ten dados de alta no sistema:

Residuos Neste apartado están definidos os seus residuos.

| Código | LER | Descrición | |
|--------|---------|-------------------------------|------------------------|
| 999 | 180103* | BIOSANITARIOS | Editar |
| 999 | 140603* | DISOLVENTES NO HALOGENADOS | Editar |
| 999 | 070103* | DISOLVENTES HALOGENADOS | Editar |
| 999 | 130113* | ACEITES USADOS | Editar |
| 999 | 180106* | AGUAS DE LABORATORIO | Editar |
| 999 | 160508* | PRODUCTOS QUIMICOS DESECHADOS | Editar |
| 999 | 150110* | ENVASES VACIOS | Editar |
| 999 | 110113* | AGUAS CON DESENGRASE | Editar |
| 999 | 090103* | LIQUIDO REVELADOR | Editar |
| 999 | 080317* | CARTUCHOS DE TONER | Editar |

Residuo

Listado

+ Novo

« < 1 2 3 4 5 ... > »

Para procurar un residuo dos que ten dados de alta basta escribir no campo de texto e a busca amosará os residuos que encaixen cos datos escritos. Pódese procurar por **LER, código ou descrición**.

Dar de alta un novo residuo

Para dar de alta os datos dun residuo na nosa bolsa de residuos basta premer na ligazón da dereita:

[+ Novo](#)

Con isto o sistema amosa unha pantalla onde se nos require cubrir uns datos:



Novo residuo Escolla as opcións para un novo residuo.

Datos xerais

Descrición Residuo

NOVO RESIDUO

Obrigatorio

Código do Residuo

Introduza os 3 díxitos

Código LER

130205* - Aceites minerais non clorados de motor, de tra...

Obrigatorio

Residuo

Listado

+ Novo

Caracterización do residuo segundo o Regulamento 1357/2014

O código LER escollido fai referencia a un **residuo perigoso**, polo que debe informar do valor da característica de perigosidade que corresponda segundo o Regulamento (UE) N° 1357/2014 da Comisión, do 18 de decembro de 2014, polo que se substitúe o anexo III da Directiva 2008/98/CE do Parlamento Europeo e do Consello, sobre os residuos e polo que se derogan determinadas directivas.

Código de perigosidade (HP)

HP1 - Explosivo

Escolla un valor na táboa

✓ Gardar

✗ Cancelar

↺ Restaurar

Os datos a indicar son:

1. A nosa descrición dese residuo.
2. Un código de tres díxitos para identificalo internamente (opcional, se non se emprega rexístrase con 999).
3. Código LER.
4. No caso de residuos perigosos o código de perigosidade (HP) de acordo coas características descritas no Regulamento (UE) N° 1357/2014 da Comisión do 18 de decembro de 2014.

Consultar residuo

Dende o listado de residuos podemos premer no nome de calquera dos residuos e accederemos ao detalle do mesmo.

Residuo

Vostede está incluíndo na bolsa un residuo **non inscrito no Rexistro**. De ser un residuo de produción habitual ou un residuo que pretende xestionar debe comunicalo para proceder a súa inscrición

Datos propios

| | |
|--------|----------------|
| Código | Descrición |
| 999 | BIO SANITARIOS |

Datos LER

| | | |
|------------|---|---|
| Código LER | Descrición LER | Datos LER |
| 180103* | Residuos dos que a recolla e eliminación é obxecto de requisitos especiais para previr infeccións | Residuos sanitarios e biolóxicos (perigoso) Residuos sanitarios e biolóxicos Residuos sanitarios infecciosos Residuos sanitarios humanos infecciosos |

Caracterización do residuo segundo o Regulamento 1357/2014

| |
|-----------------------------|
| Código de perigosidade (HP) |
| HP1 - Explosivo |

Residuo

Listado

+ Novo

✎ Editar

🗑 Eliminar

Dende a pantalla de detalle do residuo, mediante o Menú de accións da dereita, pódese acceder ás opcións de:

- Listado
- Novo residuo
- Editar o residuo que se está vendo
- Eliminar o residuo que se está vendo.

O sistema comproba se a empresa propietaria da conta ten inscrición para producir ou xestionar o residuo indicado, amosando un aviso no caso de non ser así.

Residuo

Vostede está incluíndo na bolsa un residuo **non inscrito no Rexistro**. De ser un residuo de produción habitual ou un residuo que pretende xestionar debe comunicalo para proceder a súa inscrición

Datos propios

| Código | Descrición |
|--------|---------------|
| 999 | BIOSANITARIOS |

Editar o residuo

Premendo na ligazón de editar poderemos cambiar os datos do residuo.

Edición de residuo Escolla as novas características do residuo.

Datos xerais

Descrición Residuo

Código do Residuo

Código LER

Residuo

- Listado
- + Novo

Caracterización do residuo segundo o Regulamento 1357/2014

O código LER escollido fai referencia a un **residuo perigoso**, polo que debe informar do valor da característica de perigosidade que corresponda segundo o Regulamento (UE) N.º 1357/2014 da Comisión, do 18 de decembro de 2014, polo que se substitúe o anexo III da Directiva 2008/98/CE do Parlamento Europeo e do Consello, sobre os residuos e polo que se derogan determinadas directivas.

Código de perigosidade (HP)

HP1 - Explosivo

Escolla un valor na táboa



7.2. Produtos / Servizos

Dende esta sección danse de alta os datos dos produtos e servizos da empresa, relevantes de cara a xestión ambiental en función do rol do usuario:

- Xestores de residuos: deben engadirse os produtos/servizos xerados como resultado da valorización final de residuos na súa instalación. Por exemplo "Áridos reciclados" no caso de plantas de valorización de RCD ou "Aceites" no caso de plantas de rexeneración destes residuos.
- Produtores de residuos coa obriga de elaborar o estudo de minimización de residuos: deben engadirse aqueles produtos/servizos finais obtidos e utilizados como referencia no cálculo do ratio de xeración do residuo por unidade de produción.

Ambas seccións son moi semellantes así que se presentan de xeito conxunto.

A páxina principal amosa un listado dos produtos/servizos que temos rexistrados e dende o que poderemos buscar e acceder ao detalle dos mesmos:

Produtos Neste apartado están definidos os seus produtos.

| Código | CPA | Descrición | |
|--------|---------|------------------------------|------------------------|
| 200 | C291013 | MOTOR DE MOTOCICLETA | Editar |
| 111 | C192026 | FUEL-OIL, GASOLEO Y GASOLINA | Editar |
| 101 | C272011 | BATERIAS | Editar |

Producto

[Listado](#)

[+ Novo](#)

Dende esa pantalla podemos acceder no menú da dereita a acción de crear novo produto/servizo.

Novo produto/servizo

Novo produto Escolla as opcións para un novo produto.

Datos xerais

Descrición Produto

Obrigatorio

Código do Produto

Código CPA

Obrigatorio

O formulario poderase enviar se non contén erros [Gardar](#) [Cancelar](#) [Restaurar](#)

Producto

[Listado](#)

[+ Novo](#)

A pantalla de novo produto ou servizo permítenos rexistrar para cada un dos nosos produtos e servizos:

1. Unha descrición do mesmo.
2. Un código de tres díxitos para identificalo internamente (opcional, se non se emprega rexístrase con 999).
3. Código CPA no que se clasifica o produto ou o servizo.



Dende o listado de produtos/servizos pódese acceder ao detalle de cada un deles:

Produto

Datos propios

| | |
|--------|----------------------|
| Código | Descrición |
| 200 | MOTOR DE MOTOCICLETA |

CPA

| | |
|------------|---|
| Código CPA | Descrición |
| C291013 | Motores de émbolo, de explosión e encendido por compresión, para a propulsión de vehículos de motor |

Produto

- Listado
- [+ Novo](#)
- Editar
- Eliminar

Dende esa pantalla de detalle poderemos eliminar o elemento e editalo para cambiar os datos do mesmo.

Edición de produto Escolla as novas características do produto.

Datos xerais

Produto

- Listado
- [+ Novo](#)

7.3. Subprodutos

Nesta sección pode acceder aos diferentes subprodutos que ten dados de alta no sistema.

Subprodutos Neste apartado están definidos os seus subprodutos.

| Código | LER | Descrición | |
|--------|-----|----------------------------|--|
| 001 | | CENIZAS VOLANTES DE CARBÓN | |

Subproduto

- Listado
- [+ Novo](#)

Co buscador pode atopar os diferentes subprodutos buscando por LER, código e descrición. Dende esa mesma pantalla pode dar de alta un novo subproduto.

NOTA: A alta dos subprodutos nesta plataforma non o exime da necesidade de ter recoñecida a condición de subprodutos por parte da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.

Novo subproduto

A pantalla de novo subproduto é semellante a de novo residuo, xa que inclúe a necesidade de escoller un código LER co cal se identificaría ese subproduto no momento en que deixase de ter tal consideración.

Novo subproduto Escolla as opcións para un novo subproduto.

Datos xerais

Descrición Subproduto

Obrigatorio

Código do Subproduto

Código LER

Obrigatorio

O formulario poderase enviar se non contén erros

Subproduto

Consultar subproduto

A pantalla de detalles dun subproduto amosa a información do mesmo e é como a seguinte:

Subproduto

Datos propios

| | |
|--------|----------------------------|
| Código | Descrición |
| 001 | CENIZAS VOLANTES DE CARBÓN |

Datos LER

| | | |
|------------|--------------------------|--|
| Código LER | Descrición LER | Datos LER |
| | Cinzas voantes de carbón | Residuos de combustión (perigoso) Residuos minerais Residuos de combustión Escouras e cinzas do tratamento térmico e a combustión |

Subproduto

Dende esa mesma pantalla podemos acceder á opción de eliminar o subproduto ou editalo

Edición de subproduto

Edición de subproduto Escolla as novas características do subproduto.

Datos xerais

Descrición Subproduto

Código do Subproduto

Código LER

Subproduto



7.4. Xestión de contactos

Esta sección permite indicar con cales dos centros rexistrados no sistema de información GaIA traballa de xeito habitual en tarefas con implicación ambiental.

Nota: é moi importante no caso de operadores, destinos, transportistas, orixes e sistemas de responsabilidade ampliada (SRA) con inscrición que escollo o centro de traballo desa entidade inscrito no rexistro. Pode consultar o NIMA deste centro no caso de xestores e transportistas autorizados en <http://sirga.xunta.gal/xestores>.

Ao acceder a esta sección aparece o listado cos contactos que xa lle indicamos ao sistema.

Contactos Aquí atopará os centros que seleccionou como os seus contactos.

Contacto

Listado

Novos contactos

Pode atopar xestores e transportistas aquí.

| NIF | Nome da Empresa | NIMA | Concello do Centro | |
|--------------------------|--|------------|---------------------|--|
| <input type="checkbox"/> | P3200000B DEPUTACION PROVINCIAL DE ... | 3200042257 | Bande | |
| <input type="checkbox"/> | P3200000B DEPUTACION PROVINCIAL DE ... | 3200041702 | Carballiño (O) | |
| <input type="checkbox"/> | P3200000B DEPUTACION PROVINCIAL DE ... | 3200042984 | Maceda | |
| <input type="checkbox"/> | P3200000B DEPUTACION PROVINCIAL DE ... | 3200041703 | Celanova | |
| <input type="checkbox"/> | P3200000B DEPUTACION PROVINCIAL DE ... | 3200037783 | Ourense | |
| <input type="checkbox"/> | P3200000B DEPUTACION PROVINCIAL DE ... | 3200022018 | Viana do Bolo | |
| <input type="checkbox"/> | P3200000B DEPUTACION PROVINCIAL DE ... | 3200042985 | Muiños | |
| <input type="checkbox"/> | P3200000B DEPUTACION PROVINCIAL DE ... | 3200086138 | Toén | |
| <input type="checkbox"/> | P3200000B DEPUTACION PROVINCIAL DE ... | 3200022017 | Verín | |
| <input type="checkbox"/> | P3200000B DEPUTACION PROVINCIAL DE ... | 3200040451 | Pobra de Trives (A) | |

« < 1 2 3 4 5 ... > »

O listado de contactos amosa:

1. NIF da entidade
2. Nome da entidade
3. NIMA do centro
4. Concello onde está o centro.

5. As categorías nas que o demos de alta: se o rexistramos como operador, orixe, destino, transporte ou sistema de responsabilidade ampliada do produtor (poden ser unha ou varias opcións).

NOTA: O listado de contactos e as categorías dadas de alta non están vinculadas co Rexistro de Produción e Xestión de Residuos No momento de dar de alta unha notificación previa e un traslado o sistema validará que o centro gardado como contacto está inscrito ou autorizado para a categoría rexistrada.

Novos contactos

Para poder traballar con algún centro existente na BBDD da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático no sistema é preciso que primeiro se lle indique ao sistema que se quere engadir ese centro aos nosos contactos. Para iso basta co premer na ligazón de novos contactos no menú da dereita:



Novos contactos

Isto nos leva a unha pantalla onde debemos rexistrar o NIF da entidade (pode ser persoa física ou xurídica) á que pertence o centro a engadir como contacto.

Contactos Busca de centros.

| | | |
|---|----------------------|--------|
| # | Número de id. fiscal | Buscar |
|---|----------------------|--------|

Introduza un NIF para buscar os centros dunha determinada entidade.

[Pode atopar xestores e transportistas aquí.](#)

Ao premer en buscar poden ocorrer tres cousas:

1. Que o sistema atope unha entidade (persoa física ou xurídica) con centros para ese NIF.
2. Que se atope a entidade pero que non existan centros na BBDD da DX.
3. Que non se atope a entidade.

No primeiro caso amosaríase unha pantalla como a seguinte con todos os centros existentes na BBDD da DX para esa entidade:

Contacto Centro seleccionado para estar no seu listado.

DEPUTACION PROVINCIAL DE OURENSE P3200000B

| Datos da entidade | |
|---|---|
| Enderezo RÚA PROGRESO, 32, Ourense (Ourense, Galicia), 32003 | |
| Datos de contacto medicambiente@deputaciondeourense.com 988005110 ourense.medicambiente@deputaciondeourense.es | |
| PUNTO LIMPO DE BANDE (A BAIXA LIMIA) ✎ | |
| NIMA 3200042257 | CNAE 3831 - Separación y clasificación de materiales |
| Enderezo Carrizosa OB 411 BANCE - O CONDADO KM. 1,6, Bande (Ourense, Galicia), 32340 | Datos de contacto mreza@deputaciondeourense.es 988517683 |
| Orixe Transporte Destino SRAP Xestor Tratamento | |

Para engadir algún dos centros que aparecen bastaría premer nos botóns que indican se para nos é o operador, a orixe, o destino, o SRAP, o Xestor de tratamento ou o transporte (poden ser todas as opcións). Ao escoller calquera das opcións no nome do centro aparece a mensaxe 'Nos seus contactos' e **o botón aparece destacado en cor vermella.**



| | |
|--|-------------------|
| <input checked="" type="checkbox"/> Nos seus contactos | |
| NIMA | CNAE |
| Enderezo | Datos de contacto |
| <input type="button" value="Operator"/> <input type="button" value="Orixe"/> <input type="button" value="Transporte"/> <input type="button" value="Destino"/> <input type="button" value="SRA"/> | |

Se no listado de centros non aparece o centro que queremos engadir podemos premer no botón de 'Rexistrar novo centro' ao pe do listado. Isto lévanos a un procedemento semellante ao seguinte caso.

No segundo caso, que a entidade non teña centros na BBDD da SXCAA ou entre os seus centro non apareza o que desexamos engadir basta premer no botón 'Rexistrar novo centro' :

Contactos Busca de centros.

| | | |
|---|--|---|
| # | <input type="text" value="B70179973"/> | <input type="button" value="Q Buscar"/> |
|---|--|---|

Non se atopou ningún centro para una entidade con ese NIF.

TEMAS B70179973

| |
|---|
| Datos da entidade |
| Enderezo ACCESO ADDRESS CORUNA, Coruña (A) (Coruña (A), Galicia), 15669 |
| Datos de contacto desconocido@desconocido.com 999999999 |

Isto lévanos a unha pantalla onde se pode solicitar a alta dun novo centro asociado a esa entidade no sistema GalA:



Rexistrar novo contacto

Centro propiedade de NIMAS R70179873

Centro

Nome

Obrigatorio

Enderezo

País

Obrigatorio

Concello

Obrigatorio

CP

Obrigatorio

Localidade

Polígono industrial

Tipo de vía

Obrigatorio

Enderezo

Obrigatorio

Datos de contacto

Correo electrónico

Obrigatorio

Web

Teléfono

Obrigatorio

Fax

Móbil

O formulario poderase enviar se non contén erros

✓ Gardar

✗ Cancelar

↺ Restaurar

Nesta pantalla é preciso rexistrar os datos correctos do centro, incluíndo o NIMA do mesmo se é un centro non emprazado en Galicia.

Pode vostede consultar os NIMAS doutras CCAA nas web do organismo medioambiental da correspondente da CCAA e proximamente na plataforma pública eSIR do Ministerio para la Transición Ecolóxica (MITECO).

Cando os datos están rexistrados e se preme o botón gardar enviase unha solicitude de alta do centro ao sistema. A solicitude será supervisada, e aceptada ou rexeitada se os datos non son correctos pola DX.

No último caso, cando non se atopa a entidade (persoa física ou xurídica), poderemos solicitar dar de alta a entidade e un centro da mesma premendo no botón de Rexistrar entidade e centro.

Contactos Busca de centros.

#

Non se atopou unha entidade con ese NIF.

[Rexistrar entidade e centro](#)

A pantalla é similar a anterior de centro pero cos datos da entidade. No caso de ser persoa física será preciso rexistrar nome e apelidos mentres que se é empresa haberá que rexistrar a razón social:

Rexistrar novo contacto Centro seleccionado para estar no seu listado.

| Entidade | | Contacto |
|---|--|--|
| NIF <input type="text" value="Introduza o NIF"/> | Nome comercial <input type="text" value="Introduza o nome comercial"/> | <input type="button" value="Listado"/> |
| <input type="checkbox"/> Identificación extranxeira <small>Obrigatorio</small> | | <input type="button" value="Q Novos contactos"/> |
| Centro | | |
| CNAE <input type="text" value="Escolla un CNAE"/> | | |
| <small>Obrigatorio</small> | | |
| Nome <input type="text" value="Introduza o nome do centro"/> | | |
| <small>Obrigatorio</small> | | |

Igual que no caso anterior a solicitude de alta será revisada e poderá ser aceptada ou rexeitada pola DX.

Deshabilitar contacto

Para eliminar un centro do listado de contactos basta con premer de novo sobre o rol habilitado en vermello. Cando un centro non ten ningún dos roles marcados en vermello implica que este non se atopa nos seus contactos.

Edición de datos de contacto

No caso de que o seu contacto estea rexistrado na BBDD da SXCAA pode, en certos casos, solicitar a modificación dos datos de contacto premendo sobre o lapis que aparece habilitado dentro de cada un dos datos de contacto dun centro de traballo.



| | | |
|---|--|--|
| CENTRO DE PROBAS <input checked="" type="checkbox"/> Nos seus contactos | | Solicitar modificación dos datos do centro |
| NIMA 1500085615 | CNAE 2319 Fabricación y manipulado de otro vidrio, incluido el vidrio técnico | |
| Enderezo Calle LUOU, Teo (Coruña (A), Galicia), 15883 | Datos de contacto centrov2.1.0@version.com 652197655 | |
| <input type="checkbox"/> Operador <input checked="" type="checkbox"/> Orixo <input type="checkbox"/> Transporte <input type="checkbox"/> Destino <input type="checkbox"/> SRA | | |

Se a empresa NON está inscrita no Rexistro de Producción e Xestión de residuos a plataforma GalA permite que nos notifique a modificación de certos datos de contacto. A administración tras a súa revisión decidirá si aproba ou rexeita dito cambio.

Modificación dos datos dun contacto

Centro propiedade de PROBANDO SL A36396232 PROBANDO

Se considera que os datos do contacto son erróneos ou incompletos, pode solicitar unha modificación dos mesmos, indicando no formulario os datos correctos do contacto.

Contacto

- Listado
- Novos contactos

Centro

NIMA

Nome

Enderezo

País

Concello

CP

Localidade

Polígono industrial

Tipo de vía

Enderezo

Datos de contacto

Correo electrónico

Web

Se, polo contrario, o centro se atopa inscrito, debe ser o propietario do dito centro o que solicite por rexistro oficial a modificación dos seus datos de contacto ante o organismo que emitiu a dita inscrición.

Modificación dos datos dun contacto

Centro propiedade de XXXXXXXXXX

O centro que vostede quere modificar atópase inscrito no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores. Debe ser a entidade propietaria do mesmo a que faga esta solicitude poñéndose en contacto co organismo competente para a modificación da dita inscrición.

8. Notificacións previas de traslado

A sección de notificacións previas permítenos rexistrar no sistema as notificacións de traslados de residuos perigosos, así como aqueles residuos non perigosos con LER 200301 e os residuos non perigosos destinados a eliminación (operación D), segundo a actual normativa de aplicación. Unha notificación previa aceptada para un residuo concreto dun centro de orixe A a un centro destino B ten unha validez de **tres anos** dende a data prevista do inicio do traslado, indicada na creación da propia notificación. Deste xeito poderán realizarse traslados dese residuo concreto entre os centros A e B en base a esa notificación previa ao longo de tres anos, sempre e cando as correspondentes inscricións se manteñan viventes.

Estas notificacións previas de traslado poden indicarse de tres xeitos.

1. Na propia aplicación web como veremos a continuación.
2. Subindo un ficheiro E3L coa información do traslado. A aplicación permite a subida de ficheiros E3L para versión 3.X

 [Subida E3L versión 3.x](#)

3. Dende un sistema de información adaptado a E3L empregando os web services de GalA para a comunicación automatizada de documentación. Este é o sistema recomendado no caso de ter un volume elevado de notificacións previas e traslados. Existe un servizo web para a versión 3.X.

- URL para o Servizo Web para a versión 3.X del E3L:
 - <https://gaia.xunta.es/eResiduos/ws/eResiduosE3SWSV3?wsdl>
 - Método: sendWasteNT

Ao acceder á sección amosase o buscador das notificacións previas:



Notificacións (NT) Neste apartado atópanse as notificacións de traslado (NT).

Dende este listado pódense seleccionar notificacións premendo no selector da esquerda para posteriormente realizar operacións con elas (ver sección crear Traslados dende Notificacións Previas mais adiante).

O listado tamén amosa o estado no que se atopan as notificacións do sistema que poden ser:

1. Aceptada. O estado normal, poden facerse traslados de residuos que cumpran co indicado na notificación.
2. Pendente. Hai algún tipo de problema coa notificación e está pendente de aprobación por parte da administración. Neste estado non poden facerse traslados empregando o indicado na notificación. Un posible motivo para que unha notificación quede pendente é que se faga a notificación a menos de 10 días do traslado de residuos que se avisa ou que se pretendan trasladar residuos directamente dende un produtor a un vertedoiro de residuos (D5).
3. Anulado. Si se cancela a notificación previa. Non poderá empregarse para rexistrar traslados.

Dende esta pantalla tamén é posible acceder, no menú da dereita, ás accións de novas notificacións previas, busca avanzada de notificacións e subida E3L para crear notificacións a partir de documentos E3L que teñamos.

8.1. Detalle dunha notificación

Cando prememos nunha ligazón dunha notificación previa o sistema cargará os detalles da notificación e amosará unha pantalla semellante á seguinte:



1. Dende a acción de menú de nova notificación que nos leva unha pantalla onde o usuario debe escoller se desexa facer notificacións para un so residuo e un orixe, un residuos e varios orixes do mesmo ou notificacións de varios residuos cunha soa orixe.

Creación de Notificacións Escolla unha das seguintes opcións.

| |
|---|
| <p>Un residuo e un orixe</p> <p>Con esta opción poderá crear Notificacións de traslado para un residuos e un orixe.</p> |
| <p>Varios orixes Un residuo</p> <p>O xerador de Notificacións de traslado permitiralle escoller entre varios orixes e un só residuo.</p> |
| <p>Varios residuos Un orixe</p> <p>Con esta opción poderá crear Notificacións de traslado para varios residuos e un só orixe.</p> |

Ao escoller unha das opcións pasamos a unha pantalla como a seguinte:

Creación de Notificacións (NT) Recollida dun residuo a un centro orixe.

Datos xerais para crear notificacións

Seleccione o centro operador

ESCOLLA UN CONTACTO COMO OPERADOR

Obrigatorio

Seleccione a instalación de orixe dos traslados

ESCOLLA UN CONTACTO COMO PRODUTOR

Obrigatorio

Seleccione a instalación de destino dos traslados

ESCOLLA UN CONTACTO COMO XESTOR

Obrigatorio

Seleccione os residuos que se van trasladar

ESCOLLA O RESIDUO QUE SE VAI TRASLADAR

Obrigatorio

Frecuencia con que se realizarán os traslados

Obrigatorio

Urxente

Obrigatorio

Data de inicio dos traslados

Obrigatorio

Para seleccionar unha data, ten que escoller un día no calendario situado na dereita. Ó facer click nun día, éste aparecerá no formulario ↩

Notificación

🔍 Buscador

+ Nova

📄 Subida E3L versión 3.x

O formulario poderase enviar se non contén erros

| xuíño 2023 | | | | | | | |
|------------|-----|-----|-----|-----|-----|-----|-----|
| | lun | mar | mér | xov | ven | sáb | dom |
| 22 | 29 | 30 | 31 | 01 | 02 | 03 | 04 |
| 23 | 05 | 06 | 07 | 08 | 09 | 10 | 11 |
| 24 | 12 | 13 | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 |
| 25 | 19 | 20 | 21 | 22 | 23 | 24 | 25 |
| 26 | 26 | 27 | 28 | 29 | 30 | 01 | 02 |
| 27 | 03 | 04 | 05 | 06 | 07 | 08 | 09 |

Nesta pantalla vemos os seguintes campos a cubrir:

Operador dos traslados

Campo no que indicar o noso centro de traballo que actuará como operador dos traslados.

Para escoller un operador basta con comezar a escribir algún dato do centro do operador que estamos a buscar e a aplicación amosará un listado dos nosos centros de traballo que teñamos marcados como operador e que teñan algún dato coincidente co que estamos a escribir (nome do centro, NIF, NIMA, concello, ...)

 **Seleccione o centro operador**

ESCOLLA UN CONTACTO COMA OPERATOR

Obrigatorio

***Nota:** Para traslados dentro de Galicia poderá ser operador de traslado o negociante dos residuos, a orixe ou o destino dos mesmos. Recorde que a empresa que realiza a NT será o operador do traslado.*

Orixe dos traslados

Campo no que indicar os centros orixe dos traslados. No caso de que escollésemos a opción de varios orixes e un residuo poderemos indicar mais dunha orixe de residuo.

Para escoller a orixe basta comezar a escribir algún dato do centro de orixe que estamos a buscar e a aplicación nos amosará un listado daqueles contactos nosos **que teñamos marcados como orixe** e que teñen algún dato coincidente co que escribimos (por exemplo: nome do centro, NIF da empresa, razón social da empresa, NIMA do centro, concello, etc.). Pódese ver un exemplo a continuación:

 **Seleccione a orixe dos traslados**

| teima | | | | |
|-----------|------------|-------------------|-------------------|---------|
| A70179973 | 3200048705 | TEIMAS MODIFICADO | EMPRESA DE PROBAS | Ourense |
| A70179973 | 3300000004 | TEIMAS MODIFICADO | CENTROASTURIANO | Oviedo |

Agora basta premer ou pulsar intro no centro a seleccionar e xa queda escollido. Poderanse marcar varios centros no caso de varios orixes e un residuo como se pode ver a continuación:

 **Seleccione a orixe dos traslados**

- ✕ A70179973 - 3300000004 - TEIMAS MODIFICADO - CENTROASTURIANO - CALLE DIRECCION
- ✕ A70179973 - 3200048705 - TEIMAS MODIFICADO - EMPRESA DE PROBAS - 0
- ✕ P1503000J - 1500034706 - CONCELLO DA CORUÑA - PUNTO LIMPIO DE EIRIS - EIRIS AVDA DE MONSERRAT 1

Para eliminar un centro engadido basta premer na **x** no seu nome.

Destino dos traslados

Para escoller o **destino** do traslado farase o mesmo tendo en conta que o sistema **amosa as coincidencias de contactos rexistradas como destinatarios**.

Residuo

Logo escollemos o residuo entre os que temos dados de alta na nosa bolsa de residuos de xeito semellante a como se escolle a orixe e destino:

Seleccione os residuos que se van trasladar

| 999 | 170101 | RCD |
|-----|---------------|----------------------------------|
| 999 | 160402* | EXPLOSIVOS |
| 556 | 160210* - 41* | PRUEBA PRE RESIDUO LER EXTEND |
| 999 | 030201* | CONSERVANTES |
| 562 | 190112 | 190112-CENIZAS DE FONDO DE FORNO |
| 999 | 010504 | 010504 |
| 999 | 090108 | PELICULAS 2 |

Frecuencia

Debe indicarse cal será a frecuencia estimada coa que realizará ese traslado escollendo unha das opción habilitadas ou seleccionando "Outra" e escribindo no campo "descrición" o texto que reflexe a dita frecuencia.

Frecuencia con que se realizarán os traslados

Mensual

Diaria
Semanal
Mensual
Semestral
Anual
Outra

Frecuencia con que se realizarán os traslados

Outra

Obrigatorio

Descrición

Obrigatorio

Urxencia

Podemos indicar si a NT se trata de unha notificación de traslado urxente ou non. No caso de que a notificación se marque como urxente, é obrigatorio indicar un motivo de urxencia. O tamaño mínimo do motivo de urxencia é de 8 caracteres.

Urxente

MOTIVO URXENCIA

Obrigatorio



Data do traslado

Por último hai que indicar a data inicial prevista para o traslado de residuos, escolleremos un valor do calendario tendo en conta que a notificación previa debe enviarse polo menos 10 días antes da data de inicio do traslado, en caso contrario a NT quedará PENDENTE.

 **Data de inicio dos traslados**

SÁBADO 14 DE DECEMBRO DE 2019

Obrigatorio


 Para seleccionar unha data, ten que escoller un día no calendario situado na dereita. Ó facer click nun día, éste aparecerá no formulario 


| | | decembro 2019 | | | | | | | | |
|----|--|---------------|-----|-----|-----|-----|-----|-----|--|--|
| | | lun | mar | mér | xov | ven | sáb | dom | | |
| 48 | | 25 | 26 | 27 | 28 | 29 | 30 | 01 | | |
| 49 | | 02 | 03 | 04 | 05 | 06 | 07 | 08 | | |
| 50 | | 09 | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 | 15 | | |
| 51 | | 16 | 17 | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 | | |
| 52 | | 23 | 24 | 25 | 26 | 27 | 28 | 29 | | |
| 53 | | 30 | 31 | 01 | 02 | 03 | 04 | 05 | | |

Destinos posteriores

Se o centro rexistrado como destino ten algunha das seguintes operacións: R12, R13, D13, D14 ou D15; débense indicar destinos posteriores, ata un máximo de tres.

A aplicación unha vez que se seleccione a autorización, habilitará un combo no que seleccionar ata un máximo de tres destinos posteriores, estes teñen que ter sido engadidos coma contactos, tipo destino, previamente.

 **Selecione os destinos finais**

 Introducir de un a tres destinos finais

ESCOLLA UN CONTACTO COMO XESTOR

Obrigatorio

Autorizacións e outros datos particulares

Á vez que se van engadindo orixes e residuos na páxina aparecen novos campos nos que se teñen que rexistrar os datos particulares de cada residuo e orixe concreto



999 - 030201* - CONSERVANTES [HP1]
de CLAUDIO GAUTE COIRA (GAUTE COIRA, CLAUDIO) [GONTAN QUENDE, Abadín]
a CENTRO DAS SOMOZAS (UTE PROTECCIÓN MEDIO AMBIENTAL SL Y CONTENEDORES DE LA CORUÑA SL) [PARQUE EMPRESARIAL DAS SOMOZAS, Somozas (As)]

| Peso (KG) | Volume | Código de DA |
|---|---|--|
| <input type="text" value="Peso estimado (kg)"/> | <input type="text" value="Volume estimado (m3)"/> | <input type="text" value="Documento de Aceptación"/> |
| Obrigatorio | | |
| Autorización do operador CENTRO DAS SOMOZAS(UTE PROTECCIÓN MEDIO AMBIENTAL SL Y CONTENEDORES DE LA CORUÑA SL) [PARQUE EMPRESARIAL DAS SOMOZAS, Somozas (As)] | | |
| <input type="text"/> | | |
| Obrigatorio | | |
| Autorización do orixe CLAUDIO GAUTE COIRA (GAUTE COIRA, CLAUDIO) [GONTAN QUENDE, Abadín] | | |
| <input type="text"/> | | |
| Obrigatorio | | |
| Autorización do destino CENTRO DAS SOMOZAS (UTE PROTECCIÓN MEDIO AMBIENTAL SL Y CONTENEDORES DE LA CORUÑA SL) [PARQUE EMPRESARIAL DAS SOMOZAS, Somozas (As)] | | |
| <input type="text"/> | | |
| Obrigatorio | | |
| Itinerario | | |
| <input type="text" value="ABADIN - SOMOZAS (AS)"/> | | |
| Obrigatorio | | |

Eses datos a rexistrar son:

1. Peso estimado en Kg.
2. Volume do residuo (non obrigatorio).
3. Código DA do traslado (non obrigatorio).
4. Autorización do operador
5. Autorización de orixe (no caso de que exista).
6. Autorización do xestor de destino que aplica a ese residuo entre as autorizadas.
7. Cando sexa o caso as autorizacións dos destinos posteriores que se introduciron
8. Itinerario (anótase por defecto con concello de orixe e destino)
9. CCAA de tránsito (valor escrito de xeito automático pola plataforma)

A **autorización de operador** será obrigatoria, e deberá ser seleccionada de entre as opcións que se brindan no despregable. No caso de que non se seleccione unha inscrición de negociante ou axente de residuos debe ser coincidente coa indicada na autorización de orixe ou destino segundo o rol que a súa entidade asuma neste traslado.

Inscrición do operador

Inscrición de CENTRO DAS SOMOZAS 1500000004

Obrigatorio

A **autorización de orixe** será obrigatoria no caso de que o centro de orixe teña algunha inscrición de xestión ou produción de residuos. Se non, poderase indicar que non se coñece:

**Autorización do orixe PUNTO LIMPIO DE EIRIS (CONCELLO DA CORUÑA)
[EIRIS AVDA DE MONSERRAT 1, Coruña (A)]**

Autorización non dispoñible, actuando como PRODUTOR

Obrigatorio

⚠ Recordámoslle que no caso de producir residuos debe solicitar a súa inscrición no Rexistro Xeral

A **autorización de destino**, incluídos se é o caso os destinos posteriores, no caso de xestores galegos debe ser seleccionada entre as que se amosan no despregable.

No caso de que salga "autorización non dispoñible" debe revisar se o centro escollido como destino é correcto.

No caso de que o xestor teña o seu centro de traballo fora de Galicia GaIA conéctase co rexistro estatal (eSIR) e devolve, no caso de topalo, a inscrición dese centro no Rexistro da súa CCAA. En caso contrario deberá escoller "autorización non dispoñible" e seleccionar un valor para o tratamento que vai recibir o residuo (o valor correspondente á táboa 2 do residuo) como se ve a continuación:

Autorización

Autorización non dispoñible

Táboa 2

R1 - Utilización principal como ...

Tras cubrir todos os datos debe premer o botón Gardar e o sistema creará as notificacións previas de traslado asignando un número de NT E3L diferente a cada combinación de orixe, residuo e transportista indicados.


Creáronse correctamente as seguintes notificacións de traslado:

- NT1299999999920147292811 - [Descargar](#)
- NT1299999999920147292812 - [Descargar](#)

Buscador de notificacións


Esta pantalla permite facer unha busca detallada entre as notificacións rexistradas no sistema:

Notificacións (NT) Neste apartado atópanse as notificacións de traslado (NT).



The screenshot shows a search interface for notifications. On the left, a sidebar titled 'Notificación' contains a list of filter categories: 'Datos xerais', 'Data prevista do traslado', 'Data de creación do documento', 'Operador', 'Orixe', 'Transportista', and 'Destino'. Each category has a right-pointing arrow. Below this list is a text box with the instruction 'Escollo filtros de busca nos diferentes apartados e faga click no botón Buscar.' and two buttons: 'Buscar' and 'Restaurar'. On the right, a panel titled 'Notificación' contains a search bar labeled 'Buscador', a '+ Nova' button, and two items: 'Subida E3L versión 2.3' and 'Subida E3L versión 3.0 / 3.1', each with a small icon.

A pantalla presenta varias seccións nas que se poden cubrir os datos polos que buscar as notificacións, basta ir premendo en cada unha e rexistrar nos campos concretos polos que queremos facer a procura:



The screenshot shows a detailed view of the search filters section. It is titled 'Notificación' and has a dropdown menu for 'Datos xerais'. Below this, there are five input fields: 'Código da notificación', 'Estado' (a dropdown menu), 'Versión' (a dropdown menu), 'Código LER do residuo', and 'Descrición do residuo'.

Os campos polos que se permite buscar son:

- Datos xerais:
 - Código da notificación.
 - Estado da notificación, pode ser: aceptada, anulada, pendente.
 - Versión da notificación, fai referencia a versión do E3P (versión 3.X ou 2.3)
 - Código LER do residuo
 - Descrición do residuo.
- Data previa do traslado
 - Data do traslado dende
 - Data do traslado ata
- Data de creación do documento
 - Data de creación do documento dende



- Data de creación do documento ata
- Operador // Orixe (datos do produtor) // Destino (datos do xestor)
 - Nome do centro
 - NIMA do centro
 - Introducción da razón social, nome ou apelido do centro
 - NIF da entidade
 - Autorización do centro
 - Nome do concello do centro
- Transportista (datos do transportista) *Residual para NT creadas en versión 2.3*
 - Nome do centro do transportista
 - NIMA do centro do transportista
 - Introducción da razón social, nome ou apelido do centro do transportista
 - NIF da entidade do transportista
 - Autorización do centro do transportista

Os datos indicados nos campos mantéñense aínda que se peche a sección correspondente. Premendo no botón 'buscar' realízase a procura e amósanse os resultados que encaixen cos criterios empregados:


| | Código | Data tr... | Operador | Orixe | Destino | Residuo | Concello destino | Trat. | Prop. | Estado |
|--------------------------|--------------|------------|------------|------------|-------------|-------------|------------------|-------|-------|----------|
| <input type="checkbox"/> | 2019/7098008 | 25/11/2019 | ALCOA I... | ALCOA I... | CENTR... | 160210* ... | Somoza... | R13 | Non | Aceptada |
| <input type="checkbox"/> | 2019/7031962 | 22/11/2019 | CENTR... | CC.PP. ... | CENTR... | 030201* | Somoza... | R13 | Si | Aceptada |
| <input type="checkbox"/> | 2019/7029883 | 22/11/2019 | CENTR... | CENTR... | S.A. DE ... | 200301 | Bilbao | R1 | Si | Aceptada |
| <input type="checkbox"/> | 2019/7029797 | 22/11/2019 | CENTR... | CENTR... | GESTAN... | 191212 | Sobrado | D5 | Si | Aceptada |
| <input type="checkbox"/> | 2019/7029784 | 22/11/2019 | CENTR... | ALCOA I... | CENTR... | 160210* ... | Somoza... | R13 | Si | Aceptada |
| <input type="checkbox"/> | 2019/7029781 | 22/11/2019 | CENTR... | ALCOA I... | CENTR... | 130205* | Somoza... | R13 | Si | Aceptada |
| <input type="checkbox"/> | 2019/7029777 | 22/11/2019 | CENTR... | ALCOA I... | CENTR... | 130502* | Somoza... | D9 | Si | Aceptada |
| <input type="checkbox"/> | 2019/7012890 | 21/11/2019 | CENTR... | COMUNI... | CENTR... | 160210* ... | Somoza... | R13 | Si | Aceptada |

Dende esta pantalla pode descargar o listado de resultados en formato CSV, só coa información que se amosas en pantalla (páxina actual) ou co total dos resultados (completo).

Xerar CSV: páxina actual
 Xerar CSV: completo


Subida E3L

A aplicación permite subir arquivos E3L para a versión 3.X do estándar, débese de elixir entre a versión que se pretenda subir. Ao clicar nunha das opcións, o usuario é redirixido á pantalla de subida de E3L para a versión seleccionada



A pantalla de subida de notificacións en E3L é moi sinxela:

Notificacións previas de traslado (NT) Subida de NT en formato E3L versión 3.x



Simplemente hai que escoller un ficheiro coa notificación que se desexa cargar premendo no botón 'Escoller e subir arquivo'.

Ao facelo o sistema procesa a notificación e amosa o resultado da operación que pode ser:

1. Que a notificación quede rexistrada correctamente: Estado Aceptada.
